

PRESCRICIÓN DE ANTIBIÓTICOS

A OMS declarou que a resistencia aos antimicrobianos é unha das 10 principais ameazas de saúde pública ás que se enfronta a humanidade. Estímase que cada ano prodúcese 4,95 millóns de mortes asociadas a patóxenos resistentes aos medicamentos. Isto ten non só consecuencias humanitarias, senón consecuencias económicas. Segundo a OMS podería ter un custo mundial estimado de 3,4 billóns de dólares anuais para 2030, o que empuxaría a uns 28 millóns de persoas á pobreza para 2050, segundo o Banco Mundial.

O enfoque “One Health”, que recoñece a interdependencia entre a saúde humana, animal e ambiental, sustenta as recentes recomendacións adoptadas polo Consello Europeo para reforzar a resposta da UE fronte ás Resistencias Antimicrobianas (RAM). Estas directrices insisten en que só unha actuación coordinada entre estes tres ámbitos (saúde humana, animal e ambiental) permitirá frear eficazmente este problema global.

Na práctica clínica, o uso inapropiado de antimicrobianos continúa sendo moi elevado: máis do 50% das prescricións presentan algún grao de inadecuación —xa sexa por unha selección incorrecta, por doses inapropiadas ou por duracións excesivas—, e o 90% destas situacións prodúcese no ámbito da atención primaria. España, ademais, destaca por un elevado consumo de antibióticos per cápita e un notable índice de resistencias, particularmente en infeccións extrahospitalarias. En España o consumo de antibióticos continúa situándose por encima da media europea, que se situaba en 2024, en 17.8 Dose Diaria Definidas por mil habitantes e día (DHD), mentres en España alcanzaba as 21.7 DHD . En Galicia, concretamente, alcanzáronse as 24.04 DHD para 2023




Figura 1. Fuente: Helwig, K., Niemi, L., Stenuick, J.-Y., Alejandre, J. C., Pflieger, S., Roberts, J., Harrower, J., Nafo, I., & Pahl, O. (2024). Broadening the perspective on reducing pharmaceutical residues in the environment. *Environmental Toxicology and Chemistry*, 43(3), 653–663. <https://doi.org/10.1002/etc.5563>

Para revertir esta situación, dispónse de estratexias como intervencións formativas, Programas de Optimización de Antibióticos (PROA), ferramentas de apoio baseadas en evidencia e a prescrición diferida, todas elas útiles para diminuír a presión antibiótica e limitar o avance das RAM. Neste marco, a guía AWaRe da OMS preséntase como un recurso esencial ao ofrecer recomendacións claras sobre que antibióticos usar, en que dose, por que vía e durante canto tempo, abarcando máis de 30 infeccións prevalentes en adultos e nenos.

O emprego repetido de antimicrobianos expón aos pacientes a un maior risco de padecer infeccións por bacterias multirresistentes, o que compromete os tratamentos posteriores e obriga a recorrer a antibióticos de espectro máis amplo.

Para mellorar a calidade da prescrición, é fundamental evitar:

- A **sobreprescrición**, fomentando unha comunicación eficaz co paciente, explicando a evolución esperada do proceso e lembrando que os antibióticos non modifican o curso das infeccións virais nin reducen a frecuentación.
- As **doses subinhibitorias**, que facilitan o desenvolvemento de resistencias.
- Os **tratamentos prolongados**, xa que unha maior exposición ao antimicrobiano aumenta a probabilidade de seleccionar cepas resistentes. Os réximes curtos han demostrado ser igual de eficaces e con menor incidencia de efectos adversos.

Por iso, desde o Grupo de Traballo de utilización de fármacos, propoñemos algunhas recomendacións antes da prescrición de antibióticos

- Prescribir de acordo á evidencia científica actual
- Prescribir antibióticos especie específico en lugar de antibióticos de amplo espectro
- Non prescribir antibióticos para infeccións de sospeita vírica
- Non prescribir dose infraterapéuticas
- Reducir o tempo de tratamento antibiótico ao mínimo efectivo

BIBLIOGRAFÍA

1. Okeke IN, de Kraker MEA, Van Boeckel TP, Kumar CK, Schmitt H, Gales AC, et al. The scope of the antimicrobial resistance challenge. *Lancet* [Internet]. 2024;403(10442):2426–38. Disponible en: <https://linkinghub.elsevier.com/retrieve/pii/S0140673624008766>
2. NICE guideline. Antimicrobial stewardship: systems and processes for effective antimicrobial medicine use [Internet]. Org.uk. [citado el 28 de setembro de 2024]. Disponible en: <https://www.nice.org.uk/guidance/ng15/resources/antimicrobial-stewardship-systems-and-processes-for-effective-antimicrobial-medicine-use-pdf-1837273110469>
3. Daza Pérez RM. Resistencia bacteriana a antimicrobianos: su importancia en la toma de decisiones en la práctica diaria [Internet]. Gob.es. [citado el 12 de outubro de 2024]. Disponible en: <https://www.sanidad.gob.es/biblioPublic/publicaciones/docs/bacterias.pdf>
4. de Colegios Farmacéuticos, C. G. (n.d.). *Panorama de las resistencias microbianas y nuevos antibióticos – Punto Farmacológico No 185*. Farmacéuticos; Consejo General de Colegios Farmacéuticos. Retrieved September 26, 2025, from <https://www.farmacuticos.com/informes-tecnico-profesionales/panorama-de-las-resistencias-microbianas-y-nuevos-antibioticos-punto-farmacologico-no-185/>